

Confraría de pescadores de Barallobre

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE DETERMINA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A REVALIDACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ CON UTILIZACIÓN DE EMBARCACIÓN AUXILIAR NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BARALLOBRE

Consideracións legais e técnicas

- 1 O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26.03.2021) atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias da ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.
- 2 De acordo co establecido no artigo 13 da Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula e expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira (DOG núm. 125, 30.06.1995) correspóndelle á actual Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro resolver o outorgamento e revalidación do permiso de explotación a pé con utilización de embarcación auxiliar.
- 3 O artigo 11.1 da Orde 31 de maio de 1995 establece que o permiso de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar revalidarase anualmente, dentro de prazo comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro (corrección de erros, DOG núm. 220, do 16.11.1995).

O artigo 11.2 da antedita orde establece a documentación que deberá acompañar á solicitude que se axustará ao modelo que figura como anexo IX da orde.

- 4 O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia establece a obrigatoriedade, para os traballadores autónomos, de relacionarse a través medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico.

Resolución

Así pois, de acordo con todo o anterior resolvo que,

1. O prazo de presentación de solicitudes será dende o día **15.01.2025** ao **31.01.2025** ambos incluídos.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado PE401D dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE401D&ano=2015&numpub=1&lang=gl&gateway=true>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. As solicitudes deberán vir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Certificado do Instituto Social da Mariña comprensivo do tempo que estivo dado de alta como autónomo/a durante o último ano.
- b) Folla de asento actualizada da embarcación.
- c) Documentación que acredite non percibir pensión de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor/a da renda de integración social de Galicia.
- d) Xustificante de ter liquidada a taxa correspondente.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante o conselleiro do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícase á Confraría de pescadores de Barallobre consonte o artigo 40 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(sinatura electrónica)

